

Suxestións de actividades para un obradoiro de cooperación doméstica entre homes e mulleres (Educación de Persoas Adultas)

<u>Toma de conciencia</u>		
<p>1. Tempo meu, tempo teu, tempo para os dous . Trátase de que as persoas que fagan este obradoiro, mellor se é en parella, reflexionen arredor do tempo que empregan en diferentes actividades ao longo dun día normal e dun día de descanso. Pódese facer oralmente e/ou por escrito, pero é recomendable tomar notas antes por parte de cada un, respondendo finalmente a dúas preguntas: Que tempo nos queda para o noso mundo persoal (afeccións, amizades, lecer, etc.)? e Que tempo compartimos ou podemos compartir?</p>	<p>2. Todas estas tarefas. Realizar unha lista de tarefas domésticas clasificándoas en dous grupos: reprodución e mantemento. En reprodución poranse todas aquelas que contribúan a reproducir as condicións de vida cotiás: comidas, compras diarias, atención ás crianzas, roupa, etc. En mantemento, todas aquelas que atinxan ao fogar pero que precisen de axuda ou de traballo externo: reparacións, bancos, grandes compras, colexios, reunións, etc.</p>	<p>3. ¿Que fas ti cando eu non estou? Trátase exactamente de aclarar isto: o que o outro membro da parella fai cando o outro non está na casa, se descansa, segue co traballo, aproveita para facer algo que ao outro lle molesta ou lle encordia, se pensa na volta do outro preparando algo de xantar, etc.</p>
<p>4. Tempos. Que tempo emprega cada membro da parella en traballos de reprodución e mantemento?. Adxudicar a cada tarefa realizada un tempo aproximado diaria e semanalmente. Sacar a media de tempo semanal para cada tarefa.</p>	<p>5. ¿Que sei facer? Relación de tarefas domésticas que cada un declara saber facer ben, regular e mal. Lévese a cabo cunha táboa na que un e outra poden ir apuntando as súas tarefas segundo o grao de realización.</p>	<p>6. Preferiría non facelo, señor. Enumerar polo menos tres tarefas que se preferiría non facer e explicar por que.</p>

Negociación

1. **Cambiando papeis.**

Normalmente os varóns van escoller sempre tarefas externas e xerais de mantemento, e as mulleres non é que escollan, é que lles caen. Por iso hai que negociar o reparto de tarefas. Dun número determinado de tarefas domésticas, escoller por quenda unha, procurando que non sexan das adxudicadas a cada xénero. Non compromete a nada, só a confeccionar unha lista. Iniciar entón unha negociación valorativa de tarefas: cámbioche esta por estas dúas, esta por esta outra. Reconfeccionar a lista. É un simple ensaio de negociación.

2. **Organización** . Trátase de chegar a certos acordos nas tarefas e nos tempos. Homes e mulleres teñen distinta perspectiva da organización, pero é necesario pórse de acordo para que a vida transcorra sen alteracións e cun mínimo de equidade. Táboas horarias semanais nun sitio visible son moi útiles. Confeccionar unha táboa de comidas previstas para unha semana, coas súas compras correspondentes; lavadoras, tendido e dobrado de roupa tamén se poden pór por días e persoas, así como a limpeza dos cuartos.

3. **Comparar horarios.**

Que horas traballa fóra cada un e que horas ten libres?. Realizamos algunha actividade extra de formación, de lecer ou de aprendizaxe?. Cando hai que realizar as tarefas de mantemento e reprodución?. Podemos facelas xuntos?

4. **¿Quen me ensina**

a...? O que non sabe aprende. Nunca é unha escusa non saber en cousas tan simples como estas tarefas. Por cada tarefa que un se comprometa a aprender e realizar ben, o outro debe comprometerse a aprender outra do mesmo modo.